

Escola Galega de Saúde Pública

CURSO DE Persoa cazadora con formación

(decreto 28/2021, do 21 de xaneiro)

Lugar: Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade
rúa Durán Loriga, 3
A CORUÑA

Data: **16** de **xuño** de 2023

CURSO DE **Persoa cazadora con formación**

O prazo de inscrición será do 29 de maio ata o 12 de xuño e a selección dos asistentes será por rigoroso orden de inscrición.

Número de prazas da edición:
50

A Xunta de Galicia ven de ofertar a **terceira edición do Curso de persoa cazadora con formación** organizado pola Escola Galega de Saúde Pública e que se desenvolverá o día **16 de xuño de 2023** na xefatura territorial da Consellería de Sanidade en A Coruña (rúa Durán Loriga, 3).

Requisitos para a inscrición:

- _ Estar **empadroado en Galicia**
- _ **Ter a licenza** de caza en vigor no momento da inscrición no curso.

Pódese consultar toda a información sobre o curso e realizar a inscrición no seguinte enlace:

<https://www.sergas.es/Saude-publica/EGSP-curso-caza>

OBXECTIVO

Obter a credencial como persoa cazadora con formación (en materia de sanidade e hixiene), mediante a acreditación dos coñecementos detallados na sección IV, capítulo I, número 4 do anexo III do Regulamento (CE) nº 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, en materia de control in situ, sanitario e de hixiene, das pezas de caza silvestre abatidas coa finalidade de seren destinadas ao consumo humano, así como do control de subprodutos animais non destinados ao consumo humano e de sanidade animal, na práctica cinexética de caza maior, establecidos no anexo IV do Real Decreto 50/2018, de 2 de febreiro, polo que se desenvolven as normas de control de subprodutos animais non destinados ao consumo humano e de sanidade animal, na práctica cinexética de caza maior.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CURSO

O Decreto 28/2021, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas sobre a subministración directa da caza maior silvestre abatida na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a práctica da cesión por parte das persoas cazadoras a consumidores locais de pequenas cantidades de carne de caza constitúe unha actividade que se configura administrativamente como unha excepción ao réxime xeral de comercialización da caza, tal e como se regula no número 3.c) do artigo 1 do Regulamento (CE) n° 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.

Esta excepcionalidade tamén aparece recollida no Real decreto 1086/2020, do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, produción e comercialización dos produtos alimenticios e se regulan actividades excluídas no seu ámbito de aplicación.

Para minimizar o risco potencial de transmisión de enfermidades por consumo de carne de caza, é necesario, para autorizar esta actividade, establecer requisitos para controlar as condicións sanitarias que deben cumprir as pezas de carne antes da súa subministración directa á persoa consumidora final ou da súa entrega a unha sala de tratamento de caza, como paso previo á súa introdución na cadea alimentaria.

O Real Decreto 50/2018, do 2 de febreiro, polo que se desenvolven as normas de control de subprodutos animais non destinados ao consumo humano e de sanidade animal, na práctica cinxética de caza maior, de aplicación a todas as modalidades cinxéticas de caza maior colectiva, en diante cacerías, que se celebren en todo o territorio nacional, entendéndose como tales aquelas en as que o número de postos é superior a 40 ou o número de pezas abatidas é superior a 20 por xornada de caza, establece tamén a figura do cazador con formación específica en sanidade animal.

Así, os brotes de enfermidades tamén poderían ter un impacto negativo no medio ambiente e a sanidade animal en animais domésticos e fauna silvestre, non só polos problemas de eliminación de subprodutos que suscitan, senón tamén polas súas consecuencias para a biodiversidade.

Por outra banda, o regulamento (CE) n.º 1069/2009, nos seus considerandos 5, 6 e 7, recoñece que a normativa comunitaria debe establecer normas sanitarias, dentro dun marco coherente e global, para a recollida, o transporte, a manipulación, o tratamento, o procesamento ou a eliminación dos subprodutos animais.

Esas normas xerais, ademais, deben ser proporcionais ao risco que entrañen para a saúde pública e saúde animal, e deben tomar en consideración os riscos que estas operacións supoñen para o medio ambiente. Unha correcta xestión dos subprodutos xerados pola caza, ao obxecto de evitar que sirvan de alimento a carnívoros oportunistas e xabaráis, sen dúbida contribuiría a mellorar a situación sanitaria actual.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Regulamento (CE) n° 853/2004* do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.
- *Regulamento (CE) n° 1069/2009* do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009 polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se deroga o Regulamento (CE) n° 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais).
- *Regulamento de execución (UE) n° 2015/1375* da Comisión, do 10 de agosto de 2015, polo que se establecen normas específicas para os controis oficiais da presenza de triquinas na carne.
- *Real Decreto 50/2018*, do 2 de febreiro, polo que se desenvolven as normas de control de subprodutos animais non destinados ao consumo humano e de sanidade animal, na práctica cinxética de caza maior.
- *Real decreto 1086/2020*, do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, produción e comercialización dos produtos alimenticios e se regulan actividades excluídas no seu ámbito de aplicación.
- *Decreto 28/2021*, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas sobre a subministración directa da caza maior silvestre abatida na Comunidade Autónoma de Galicia.

CURSO DE Persoa cazadora con formación

Decreto 28/2021, do 21 de xaneiro

PROGRAMA

MÓDULOS	RESPONSABLE	HORARIO	DURACIÓN
MÓDULO I Anatomía, fisioloxía e comportamento das especies de caza silvestres.	Bran Casal Pereira Darío Andrade Expósito Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	10.00h a 11.30h.	1.30h.
PAUSA		11.30h a 12.00h.	
MÓDULO II Comportamentos anómalos e alteracións patolóxicas dos animais de caza silvestre provocados por enfermidades, fontes de contaminación ambiental ou outros factores que poidan afectar á saúde pública no caso de consumirse a súa carne.	Marta Muñoz Mendoza Consellería do Medio Rural	12:00h a 14:00h.	2h.
MÓDULO III Normas de hixiene e técnicas adecuadas para a manipulación, transporte, evisceración e demais operacións ás que deban someterse os ditos animais trala súa morte. Disposicións legais e administrativas sobre os requisitos de policía sanitaria e saúde pública e hixiene aplicables á posta no mercado de caza silvestre.	Carlos García-Argüelles Suárez Consellería de Sanidade	16.00h a 18.00h.	2h.
PAUSA		18.00h a 18.15h.	
MÓDULO IV Xestión de SANDACH na práctica cinexética de caza maior.	Luis Fidalgo Álvarez Federación Galega de Caza	18.15h a 19.15h.	1h.
TEST FINAL		19.30h a 20.00h.	1/2 h.
TOTAL			7 HORAS

MÓDULO I_ Anatomía, fisioloxía e comportamento das especies de caza silvestres (CMATV)

1,5 HORAS	PARTE A _Ecoloxía das principais especies de caza maior, sobreabundancia e xestión dos terreos cinexéticos sometidos a réxime especial.	<ol style="list-style-type: none">1_ Principais especies cinexéticas de caza maior e a súa situación na Comunidade Autónoma. Distribución e tendencias poboacionais.2_ Bioloxía e etoloxía das especies cinexéticas de caza maior; recoñecemento da súa idade ou clase de idade; a caza como actividade reguladora das súas poboacións.3_ Xestión do aproveitamento cinexético das especies de caza maior nos terreos de réxime cinexético especial en Galicia.4_ Concepto de capacidade de carga e taxa de crecemento. Sobreabundancia.
	PARTE A _Anatomía, fisioloxía e comportamento das especies de caza silvestres nos terreos de actuación no marco do Decreto 28/2021.	<ol style="list-style-type: none">1_ Ruminantes.<ul style="list-style-type: none">• Cérvidos (corzo*, cervo).<ul style="list-style-type: none">• Características anatómicas básicas.• Reprodución e comportamento.• Alimentación.• Bovidos (cabra, rebezo).2_ Monogástricos: Súidos (xabaril).

MÓDULO II_ Comportamentos anómalos e alteracións patolóxicas dos animais de caza silvestre provocados por enfermidades, fontes de contaminación ambiental ou outros factores que poidan afectar á saúde pública no caso de consumirse a súa carne (CMR)

2 HORAS	<ol style="list-style-type: none">1_ Principais enfermidades de interese en caza maior (zoonoses e sanidade animal). Recoñecemento de alteracións e lesións máis importantes.2_ Epidemioloxía das enfermidades relevantes. Especial incidencia na tuberculose e PPA, Aujeszky...entre outras. Reservorios silvestres de enfermidades.3_ Normativa básica de vixilancia sanitaria en caza maior: Programa Nacional de Vixilancia Sanitaria da Fauna Silvestre e PATUBES (entre outros).4_ Aspectos sanitarios da actividade cinexética: Aplicación en campo: vixilancia activa e pasiva, xestión de mostras (inspección lesións, toma, trazabilidade, envío a laboratorio), comunicación aos Servizos Veterinarios Oficiais.	<ol style="list-style-type: none">5_ Bioseguridade aplicada á actividade cinexética.6_ Xestión cinexética responsable desde o punto de vista sanitario. O papel do cazador na interfaz fauna silvestre, medioambiente e saúde.<ul style="list-style-type: none">• Bioseguridade na actividade cinexética.• Responsabilidades, cargas e beneficios obtidos polos cazadores na súa actividade.
---------	--	--

MÓDULO III_ Normas de hixiene e técnicas adecuadas para a manipulación, transporte, evisceración e demais operacións ás que deban someterse os ditos animais trala súa morte. Disposicións legais e administrativas sobre os requisitos de policía sanitaria e saúde pública e hixiene aplicables á posta no mercado de caza silvestre (CS)

2 HORAS	<ol style="list-style-type: none">1_ Introducción.2_ Regulamentos de hixiene e rastrexabilidade.3_ Hixiene básica da carne de caza.4_ Persoa con formación:<ul style="list-style-type: none">• Obxectivo.• Obrigas.5_ Anatomía e fisioloxía das especies de caza maior silvestre.	<ol style="list-style-type: none">6_ Normas de hixiene para a manipulación e técnicas adecuadas.<ul style="list-style-type: none">• Exame visual das pezas.• Evisceración.• Decisión para o traslado.• Identificación das pezas.7_ Riscos asociados ao consumo de carne de caza.8_ Detección das enfermidades máis frecuentes. Guía - Vixilancia sanitaria da fauna silvestre.
---------	--	---

MÓDULO IV_ Xestión de subprodutos cinexéticos

1 HORA	<ol style="list-style-type: none">1_ Que son os SANDACH?2_ quen e como se regula a xestión dos SANDACH?3_ Por que é necesario facer unha xestión adecuada dos SANDACH?	<ol style="list-style-type: none">4_ Clasificación dos SANDACH.5_ SANDACH xerados na práctica cinexética de caza maior.6_ Protocolo de xestión das diferentes categorías de SANDACH xerados na actividade cinexética.
--------	--	---

